

# PAUTAS BÁSICAS DO COMEDOR ESCOLAR



## 1. Previo á hora de comedor:

- ✓ @s alumn@s de 3º, 4º, 5º e 6º curso poñerán a mesa no recreo cada semana alternativamente.
- ✓ Reparto de alumnado por mesas trimestral. A localización de cada alumno na silla e mesa sempre estará visible na entrada do comedor e @s cociñeir@s terán copia.
- ✓ Haberá tanto na cociña, no comedor d@s mestres/as e no propio comedor nun lugar vixiado unha listaxe c@s alumn@s con algunha alerxia ou intolerancia alimentaria.
- ✓ Se algún alumno de alerta escolar presenta algún síntoma, consultar co encargado de comedor ou se a situación o require, chamar directamente ao **061**.
- ✓ As normas básicas do comedor tamén están nunha táboa de madeira xigante no fronte da entrada da cociña.
- ✓ Para calquera dúbida, falar co encargado de comedor **Alejandro Torres (Mestre de Música)**, e se este non está, falar con **Álex** (Director do centro).
- ✓ O servizo d@s colaboradores/as será de 1 hora completa (de 13:50 a 14:50) e comerán posteriormente ao mesmo.

## 2. Á hora do comedor (1 soa quenda, 7 nais para TODO o servizo):

- Antes de que soe o timbre para ir ao comedor ás 13:50, o alumnado deberá lavar as mans como parte das medidas de hixiene básicas para entrar no comedor e ir ao baño como norma xeral, xa que, no comedor salvo casos moi excepcionais non poden ir ao baño. Obviamente c@s máis pequeniñ@ teremos que empregar máis tempo e cos maiores chegarán un par de minutos.
- Unha vez lavadas as mans, dispoñeranse cada mestre/a responsable do grupo levaraos organizadamente en fila ata o comedor e unha vez dentro, cada alumn@ sentarase na mesa correspondente. Este proceso débese realizar tratando de que haxa tranquilidade e silencio, senón non poden entrar e pasarían antes outros cursos que si están cumprindo co proposto. No caso de persistir no comportamento deberán permanecer fóra do comedor ata que se calmen. Cómpre ter claro que para que comece o servizo, deberán estar a maior parte dos colaboradores dentro, se isto non sucede, agardamos a que cheguen para comezar.
- Ao ser 7 colaboradores, dividirémolos por mesas para unha atención máis individualizada, e estarán a quenda completa atendendo ao alumnado, tanto dentro coma fóra do comedor:

Postos por orde	Funcións
Colaboradora 1	Atender a mesa 1 e 2.
Colaboradora 2	Atender a mesa 3 e 4.
Colaboradora 3	Atender a mesa 5 e 6.
Colaboradora 4	Atender a mesa 7 e 8.
Colaboradora 5	Atender a mesa 9, 10 e 11.
Colaboradora 6	Atender a mesa 12, 13 e 14.
Colaboradora 7	Atender a mesa 15 e 16 e leva o carro.

- Unha vez tod@s xuntos dentro é cando comezamos a comer. É importante resaltar que o alumnado non debe comer pan antes de comezar, xa que, son capaces de acabalo antes de comezar coa comida.
- Para unha maior celeridade no servizo, tanto o pan (non se repite máis pan no servizo), como dixemos antes, coma o primeiro prato van a estar xa na mesa (posto pol@s cociñeir@s ecolaboradores/as). Do mesmo xeito, co segundo prato e a sobremesa, imos intentar que o sirvan @s colaboradores para evitar os tempos mortos que aumentan a conflitividade e alumnado movéndose polo comedor.
- Ao tempo que se serve o 2º prato, o **colaborador 7** asignad@ ten que levar o carriño para recoller os pratos dese servizo comezando a ruta pola zona de infantil.
- En cada mesa, **2 d@s alumn@s maiores serán @s encargad@s de mesa**, o que implica que servir aos demais compañeir@s e cando se recollan os pratos e demais utensilios serán o encargados de levalos ata a bandexa correspondente. Tamén serven auga a@s compañeir@s e transmiten a@s colaboradores calquera incidencia na mesa (algún comportamento non axeitado, se cae auga no chan ou comida ou mesmo alguén que non quere probar a comida, por exemplo).
- Cada encargado de mesa ten asignadas unhas funcións que imos a delimitar a continuación, para que haxa un reparto equitativo nas tarefas e ao tempo todo o alumnado saiba o que ten que facer, sobre todo, no caso de que falte un d@s encargad@s:

<b>Encargado 1</b> (De espaldas á cociña ou de espaldas a Madrugadores)	Reparto e recollida do 1º prato e tamén a sobremesa.
<b>Encargado 2</b> (Fronte á cociña e fronte a Madrugadores)	Reparto e recollida do 2º prato e encargado de coller a balleta e deixar a mesa limpa.

- Cando falamos de recoller un prato, quere dicir, unha vez rematado un prato, xuntalos todos no extremo da mesa e deixar os desperdicios no prato superior para facilitar a recollida.
- Cando falta un encargado, será substituído primeiramente por un alumno de 4º de Primaria que non exerza a función de encargado e se non houbera, escolleremos alumnado de 3º de Primaria.
- A idea esencial do comedor é que **todo o mundo ten que probar de todo**. Isto implica que non lle imos a obrigar a ninguén que coma todo o prato se non lles gusta ou é a primeira vez que o comen, pero si animalos a que o proben cantas máis veces mellor. Consecuentemente @s encargad@s de mesa terán que proporcionar **unhas racións equilibradas** entre tod@s pero ao mesmo tempo teñen que ter en conta este tipo de cousas ao distribuír as racións (non é o mesmo unha ración para un de 6º que para un de 3 anos, nin debemos botarlle demasiada comida a alguén que de antemán nos informa que non lle gusta ). **@s colaboradores/as somos @s que temos que asegurar este tipo de condutas ao igual que estar ao tanto das alerxias e intolerancias.**
- **A norma xeral é que o alumnado debe probar 3 veces de cada prato.**
- Cada 1º e 2º prato pódese repetir unha vez, sempre e cando sexa nunha **ración menor á inicial.**

- O alumnado sabe que para poder pedir algo no comedor **ten que levantar a man e estar en silencio**, esa é unha das condutas que sobre todo nos primeiros días deberemos incidir. Os que levanten a man e comecen a berrar non serán atendidos ata que se calmen. Consecuentemente, @s que se levanten para pedir algo tampouco serán atendidos.
- **Non se poderá ir ao baño no tempo do xantar**, xa que temos que inculcarlle que vaian antes e despois ao baño. Esta norma poderase flexibilizar co alumnado de 4ºEI de nova incorporación e/ou alumnado con necesidades.
- Cando todo o alumnado remata de comer, irán saído de forma ordenada por cursos/ciclos coa colaboradora correspondente. Explicaremos máis detalladamente no vindeiro apartado.
- Seguramente, nos primeiros días e se funciona para todo o curso, faremos unha fase de análise de resultados co alumnado onde observaremos que foi o que se fixo ben no comedor e que cousas se poden mellorar.
- Nalgún caso, cando tod@s @s comensais estean sentados, mesmo @ cociñeir@, os encargados de comedor ou algún alumn@ demostrarán os ingredientes e como está feito ese prato, xa que tense dado o caso de ter dúbidas de se algo se pode comer ou non.

### **3. Saída ao patio e entrada ás aulas ás 14:50 (Continúan @s mesm@s colaboradores/as do inicio):**

- Cando se remate co servizo do comedor, as mesas queden limpas e as cadeiras recollidas, @s colaboradores/as levarán ao alumnado para as zonas de xogo correspondentes quedando repartidos do seguinte xeito:

<b>Postos de saída</b>	<b>Funcións</b>
Colaboradora 1 sae con 4º de Infantil	Atender e dinamizar o patio de Infantil
Colaboradora 2 sae con 4º de Infantil	Atender e dinamizar o patio de Infantil
Colaboradora 3 sae con 5º de Infantil	Atender e dinamizar o patio de Infantil
Colaboradora 4 sae con 6º de Infantil	Atender e dinamizar o patio de Infantil
Colaboradora 5 sae con 1º Ciclo	Atender e dinamizar o patio de Primaria
Colaboradora 6 sae con 2º Ciclo	Atender e dinamizar o pavillón
Colaboradora 7 sae con 3º Ciclo	Revisión das mesas antes de saír ao patio. Atender e dinamizar o patio de Primaria.

- Por motivos organizativos e de aproveitamento do tempo de lecer, o alumnado limpará os dentes na hora de ler (despois do recreo de comedor) coa persoa asignada para esa hora no seu horario. Isto foi consensuado no primeiro Claustro do curso. En función da evolución da autonomía do grupo de 4º de Infantil tomarase unha decisión ao respecto.
- Cando todo o anterior o teñamos interiorizado, comezaremos a organizar diversos xogos e deportes por semana/mes/trimestre para facilitar uns recreos activos para todo o alumnado.
- Haberá arcóns nos diversos patios. Cómpre que todo quede recollido antes de que toque o timbre para facer as filas. Debemos garantir que o alumando que utilice un determinado material se responsabilice de recollelo e depositalo no arcón correspondente.

- Todo o alumnado de Educación Primaria pode entrar no pavillón no tempo de lecer, onde estará o material dos xogos propostos de cada día. Deberán poñer os tenis para poder entrar e debemos garantir que tanto o material coma os tenis e neceseres queden nos armarios correspondentes dentro do tatami.

**Estas normas foron aprobadas no Consello Escolar do 09-09-2024.**